



AVISO SERVIZOS SOCIAIS PARA ATENCIÓNS NO DOMICILIO DERIVADAS DO CONFINAMENTO POLO COVID-19

Os seguintes recursos estarán presentes durante o estado de alarma decretado polo COVID-19

1- Rede de Apoio Veciñal

Se coñeces persoas maiores que vivan soas ou estén en situación de vulnerabilidade ou saibas que teñen algún tipo de necesidade fala con Servizos Sociais.

Poñeranse en contacto coa persoa para avaliar a situación na que se atopa e intentar cubrir as súas necesidades.

2- Servizo para facer a compra, ou ir á farmacia por medicación para persoas maiores soas ou en situación de vulnerabilidade.

- Hai que chamar a Servizos Sociais para facer a petición alomemos cun día de antelación en horario de 9:00-13:00.
- O persoal que faga a entrega no domicilio contará con todas as medidas preventivas necesarias para evitar riscos.

3- Servizo de seguemento e acompañamento telefónico para persoas que vivan soas e estén en situación de vulnerabilidade.

4- Servizo de asesoramento psicolóxico para os casos derivados desta situación.

5- Servizo de asesoramento familiar para familias con nenos para situacións derivadas do confinamento.

Teléfono de Servizos Sociais: 981 73 70 04